

Os "históricos" de RTVE en Galicia

04.02.2007

Fonte: <http://www.galiciahoxe.com/indexSuplementos.php?idMenu=17&idNoticia=130929>

[data descarga 11-9-2012]

Corría o ano 1971 cando naceu en Galicia o Centro Territorial de TVE. Catro anos máis tarde iniciáronse os informativos na nosa lingua co mítico 'Panorama de Galicia'. Na retina dos galegos perdura a imaxe de dous xornalistas, María Tareixa Navaza e Xoán Barro, que lle puxeron rostro a historia do país. Detrás, como técnico, José Sabel, a quen todos lembran polo seu carácter reivindicativo. O seu carón, RNE, onde empezaba un novísimo, Xosé Luís Blanco, feliz, moi feliz, de poder usar o seu idioma. Trinta e cinco anos despois péchase o ciclo, as cadeiras quedan baleiras e os 'históricos' comezan unha nova vida como 'prexubilados' debido a un Expediente de Regulamento de Emprego brutal que deixa "anoréxico" o centro territorial. Chega a hora de irse, de escribir outra historia...

TEXTOS: ROSA RODRÍGUEZ, FOTOS: G.H



FOTO: GH

Tareixa Navaza: "Agora comeza outra historia e dende logo, non penso chorar"

Agora comeza outra historia e dende logo, non penso chorar, asegura Tareixa Navaza. A xornalista da TVE-Galicia deixa atrás 42 anos de profesión. Anos de loita valente e apaixonada na que dous feitos marcaron a súa vida profesional para sempre: a retransmisión en directo

da chegada dos restos de Castelao a Santiago, tras a cal alguén a tachou de terrorista, e a lectura do comunicado a favor de Astano. Despois chegou o castigo a través da marxinação. Horas baleiras nos corredores, sen ordenador, case sen luz. Tempo de aburrimiento, de bochorno de cobrar por non facer nada. Ata que un día Tareixa, se dixo a si mesma: “Navaza, se non traballas é porque non te deixan”. Arrepínteste?, preguntolle. Non. Se eu teño que dicir cousas nas que non creo e que van contra os meus principios, prefiro os corredores”. Foi Manuel Lombao quen prendeu de novo a luz e volveu brillar con esplendor. “Teño que dicir que cando tiveren directores intelixentes traballei moito. Cando os directores eran grises e con neuronas tibias, mellor esquecelos”. O peor, pensa Navaza, é cando es xornalista e che falta criterio profesional, cando cres que é o teu predio privado e pos o adxectivo de apto ou non apto, pola túa sintonía persoal. Iso é demoledor, asegura, unha persoa na que non se enxerga nin un chisco de rancor e si moita ilusión por unha nova etapa na que colaborará na escola para nenos enfermos do hospital, viaxará, desfrutará do xardín, quizas escriba un libro...



FOTO: GH

José Sabel: “O traballo na tele é adictivo e ás veces acabas con sobredose”

Trinta e cinco anos despois Pepe Sabel, un dos primeiros técnicos electrónicos de TVE en Galicia, volve a vista atrás para lembrar aquel ático da Rúa do Vilar no que empezou esta televisión. “As nosas cámaras eran moi precarias e por suposto en branco e negro, en consonancia coa época que viviamos”. Facer unha conexión Santiago-Madrid alá polo 1971, “era toda unha odisea” e... que dicir da censura. “Aínda que co remate do franquismo tampouco penses que remataron as etapas nefastas”. Algunha delas ben recente; non hai máis que lembrar a situación vivida con Urdaci de “gran temoeiro” nos momentos do Prestige ou a invasión de Iraq, asegura.

O mellor de todo, para Sabel, foi participar no nacemento da primeira experiencia da televisión feita en Galicia e dende Galicia. “Fun testemuña privilexiada dos últimos 35 anos da historia do noso país”. O peor? “Ver como un medio tan importante para a sociedade se converteu, en moitas ocasións, nun instrumento de manipulación sectaria e como se levan desbaldindo os esforzos e as ilusións dos que traballamos nel”. Jose Sabel recoñece sentirse “moderadamente satisfeito” da súa traxectoria. E dende a súa vea sindicalistas afirma que lle doe que TVE-Galicia e a radiotelevisión pública en xeral, sexan obxecto dun axuste tan brutal como o que están a soportar. Sobre o futuro: “Seguir vivindo con intensidade, facendo cousas que me gustan, dedicándome á miña familia e amigos e esperando que me lembren como unha persoa honesta”.



Xoán Barro: “Un xubilase do traballo, pero non da vida, nin da profesión”

“Eu quería ser actor pero na miña casa parecíalles demasia aventura! É máis... gustárame ter sido un dos Martes y Trece”, confesa timidamente Xoán Barro. O certo é que detrás dese home que durante case trinta anos estivo presentado telexornais atópase un cómico, un amante do teatro e incluso un músico nos seus tempos mozos. Volvendo a vista atrás, Xoán Barro lembra aquel día en que decidiu presentarse “moi pouco convencido” ás oposicións para a televisión. El viña do mundo da prensa e da radio, pero cousas da vida, sacou a praza. Despois chegaron os magacíns, os informativos, os campionatos mundiais de fútbol, o seguimento do Deportivo na Champions, o traballo con Matías Prats e a posibilidade de irse a Madrid a ‘Estudio Estadio’. “Ó mellor perdín unha oportunidade pero eu son moi de pobo. Non me arrepinto. Estou colmado”, asegura con esa voz profunda que lembra unha época na que TVE-Galicia era a única, o referente. Se hai que lembrar algo negativo (el preferiría non facelo) é o de estar sometido a directrices que non compartes.

Xoán leva un mes prexubilado. “Aínda non o asimilei, estou como de vacacións”, asegura. O que si está claro é que “un prexubilase do traballo pero non da vida nin da súa profesión”. Non hai máis que

escoitalo falar : “Participo na revista Serendipia, quero volver facer dobraxe, escribir aquel libro que empecei cando tiña vinte anos, ler... en definitiva que non estou para nada traumatizado. Acaba unha etapa e empeza outra...”, di un Xoán Barro ilusionado.




FOTO: GH

X. Luís Blanco Campaña: “Non podo facer balance porque non me vexo fóra de xogo”

Todos coñecen o Xosé Luis Blanco Campaña das ondas. A el Galicia débelle a Radio Galega, da que foi fundador e primeiro director e agora pódese escoitar a súa voz en Radio Nacional, onde pechará o ciclo. Pero poucos saben que nos seus comezos, en Barcelona, se dedicou á crónica social para a revista Lecturas, por iso non é difícil atopar fotos súas a carón de Marisol ou dos duques de Cádiz. É un dato anecdótico dentro dunha biografía impresionante. Unha vida profesional que é difícil de parar en seco. “Son incapaz de facer balance porque non me sinto fóra de xogo”. É máis: “Nunca pensei que isto sucedese deste xeito, pero son cousas da vida. Como, por outra banda, non hai indemnizacións, non hai máis remedio que acollerse agora á prexubilación, pois é a empresa quen nos pon nesa tesitura”.

Cando era máis novo, Blanco Campaña soñou, algunha vez, con pasar unha temporada de correspondente nalgún país afastado. Un soño incumprido dentro dun mar cheo de alegrías. “Fun moi feliz, pero moito, cando puiden facer radio en galego, o meu primeiro idioma”. Iso pasou en RNE da Coruña e logo veu a... Radio Galega. “Inesquecible. Foi un soño cumprido”. Pero o xornalista non acaba de decidirse por un medio concreto: “Eu sentinme cómodo en prensa, radio e televisión. Quizais disfrutei máis na radio, porque é máis persoal e creativa, pero non podo esquecer a maxia da tele nin as satisfaccións que dá a prensa”. Malos momentos? “As desgrazas que tiven que cubrir e os malos momentos no ámbito persoal, que o houbo, eses xa están esquecidos”. Pouco amigo de dar consellos, considera que non se pode ser só un

pouquiño xornalista. “Hai que dedicarse a el con tódalas consecuencias, sen mirar o reloxo, e pensando sempre en que o teu medio sexa o que mellor informe”. Outros detalles inherentes á profesión como os de orde ética e moral, considéraos obvios.

Blanco Campaña, 40 anos de profesión e o que falta.

